

Área: Loxística**Circular nº 09 - Temp. 24/25**

FURGONETAS FGBm

Neste comezo de tempada a Federación Galega de Balonmán recibiu máis de 10 peticións para facer uso das furgonetas de pasaxeiros por parte de clubs para a as competicións nacionais e traslados internos doutra índole.

Como é sabido, a federación realizou un investimento importante nos vehículos coa finalidade de minorar os custes nas actividades das seleccións galegas, de facilitar a loxística dos eventos e favorecer o traballo no día a día da federación.

Nas últimas tempadas, varios clubs fixeron uso das furgonetas da federación para desprazamentos relacionados coas competicións nacionais, xa que a nosa intención sempre é a de axudar, pero a realidade é que a Federación Galega de Balonmán leva gastados máis de 25.000€ no último ano para que as furgonetas se atopen a punto para poder satisfacer as necesidades principais para as que foron adquiridas, e en moitos casos nos atopamos con asentos queimados, cristais rotos, interiores realmente sucios, golpes e rascaduras interiores e exteriores, e un longo etc que sumado á gran cantidade de quilómetros que acumulan en pouco tempo, nos obrigaron a realizar un cambio de ambos motores.

Sentíndoo moito, dende o departamento de loxística da Federación Galega de Balonmán, e co amparo da xunta directiva, comunicamos que as furgonetas da Federación Galega de Balonmán, unha vez máis se levarán a reparar e tan só terán uso interno; polo menos de aquí ao CESA 2025.

En Vigo a 15 de outubro de 2024.

